

EXPOSICIÓN



UNIDADE DIDÁCTICA





SOBRE ESTA GUÍA DIDÁCTICA:

Esta guía pretende ser un complemento didáctico que permita explorar o extenso contido da exposición “Sorrisos por un mundo. O humor en Carlos Casares” dun xeito máis ameno, ao mesmo tempo que se amplían contidos e serve como ferramenta para achegarse a información adicional sobre o apaixonante mundo do humor, un elemento imprescindible da humanidade, cunha capacidade transversal, xa que engloba elementos científicos, históricos, sociais, culturais, lingüísticos, filosóficos e artísticos. Que mellor forma de aprender que mediante o coñecemento do que nos fai rir!

Están permitidos os móbiles! Aínda así, hai algunhas cuestións que só o razoamento e a interpretación do alumnado poden resolver. Tamén serán necesarios para ter acceso a distintos códigos QR que vos levarán a contidos como artigos, xogos e (nun futuro) máis sorpresas.

O profesorado pode adaptar esta guía ás súas posibilidades. Estamos encantados con seguir ampliando contidos, creando guías específicas para tratar temas concretos segundo a materia que se queira potenciar e, como non, atopar o humor que se agocha no cotián! Moitas grazas, e esperamos dende a **Fundación Carlos Casares** que sexa de utilidade.

BONUS! A RETRANCA, RECURSO GALEGO. A nosa cultura galega conta cun recurso humorístico de seu, a “retranca”, baseado nunha ironía fina na que se procura a complicidade do oínte. Sabedes que non é fácil de entender noutras culturas? Compróbaol:



CRÉDITOS:

- **Deseño orixinal e cuberta:** Sara Moreira
- **Deseño e maquetación da guía:** Miguel Valverde
- **Contidos:** Vanesa Touriño (IES de Poio), Cristina Nogueira (IES do Castro) e Miguel Valverde
- **Agradecementos:** Luis Davila (“O Bichero”)

Fundación Carlos Casares (2023). Esta guía pode modificarse e ampliarse libremente. Calquera suxestión ou mellora pode enviarse á Fundación Carlos Casares (info@fundacioncarloscasares.org) para crear unha edición colaborativa que explore a potencialidade da mostra. Moitas grazas!



ORIXES E BIOLOXÍA DO HUMOR



1. Marca as afirmacións sobre o humor con verdadeiro (V) ou falso (F)


- | | |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | → O riso é social e está neuroloxicamente programado para sintonizar o comportamento grupal. |
| <input type="checkbox"/> | → Os gorilas e outras especies de primates tamén teñen sentido do humor. |
| <input type="checkbox"/> | → Cando rimos, aumentamos o ritmo cardíaco, diminuímos o estrés e osixenamos o cerebro. |
| <input type="checkbox"/> | → No humor só intervén unha área cerebral. |
| <input type="checkbox"/> | → Segundo maduramos, apreciamos un humor máis complexo e ligado á linguaxe e ao absurdo. |
| <input type="checkbox"/> | → A hormona que produce a sensación de ledicia chámase bilirrubina. |
| <input type="checkbox"/> | → As gargalladas mobilizan máis de 400 músculos. |



2a. Revisa as teorías sobre o humor e escribe un exemplo de humor como mecanismo de defensa:

2b. Por que o humor é unha ferramenta de utilidade social?

3. Como clasificarías este humor? Que idea cres que quere transmitir?



(Nota: Non hai resposta única, así que interpreta e razoa o que che suxira!)

MAPAMUNDI DO HISTÓRICO DO HUMOR



4. Xoguemos ao “busca-busca”. Atopa a información seguinte e razoa:



A) Quen dixo “Sé alegre, así podes ser serio”? E como entendes ti esta frase?

B) Cal é o deus exipcio do humor, a música e a danza? Que illa española toma o nome dese deus?

C) Consulta co móbil o enlace “Xogos e xoguetes prehispanicos. A orixe da diversión” e anota algún.

D) Os romanos foron uns mestres do humor. Ademais de comedias, que outros exemplos nos legaron?

E) Que significado tiña en grego a palabra “humor”? Cantos había?

F) Que función desempeña o humor na cultura Akan? De onde é orixinario este pobo?

5. Pregunta no centro ou busca información de como se percibe o humor nunha cultura de fóra de Europa na actualidade e as súas diferenzas coa nosa.



A HISTORIA DO HUMOR NA LITERATURA GALEGA





6. Ordena cronoloxicamente os seguintes feitos relacionados co humor gráfico e o humor na literatura galega:



- As primeiras viñetas cómicas na prensa galega.
- As primeiras manifestacións do humor escrito en galego: cantigas de escarnio e *maldizer*.
- I Seminario Galego do Humor e creación do Museo do Humor en Fene.
- O humor gráfico só pode tratar temas deportivos e costumistas, como Quesada no *Faro de Vigo*.
- Revista de humor gráfico *Retranca*, dirixida por Kiko da Silva.
- Primeira Idade de ouro do humor galego: Castelao, Vicente Risco, Carlos Maside...
- O *meme* en galego: un reforzo da nosa identidade cultural nas redes.
- Siro e Xaquín Marín son os abandeirados do humor galego.

7. Interpreta coas túas palabras os seguintes memes:



O HUMOR EN CARLOS CASARES



8. Le este fragmento dunha obra de Carlos Casares. Procura o título e o ano de publicación.

- Coñece a historia de don Braulio Fuentes, un cura da miña diocese de orixe a quen eu tratei no seminario de Mondoñedo?

[...] Despois quedou cos ollos alegres e verdes fixos nel durante algún tempo e faloulle daquel cura tan parviño como santo, as anécdotas do cal fixeran rir a dúas xeracións de cregos mindonienses.

Foi o asunto que o tal don Braulio, o día da súa ordenación sacerdotal, chegada a hora solemne da consagración, inclinouse sobre o altar como mandaba o ritual e así quedou cinco minutos longos, diante da sorpresa e a inquietude do cura que o apadriñaba, o cal non entendía tanta tardanza [...]. Transcorridos dous minutos máis, en voz baixa pero audible, o padriño pediulle: 'Braulio, consagra!'. O outro, sen apenas moverse, torcendo a boca para un lado e acenando coa pesada cabeza, preguntou: 'O que?'. 'A hostia', respondeulle o abade axudante. 'Xa a comín!', contestou don Braulio.

9. Que é "A marxe"?

10. Que cres que quere dicir Carlos Casares nesta cita? Crea ti unha cita propia!

“ O humor, ademais de ser a guinda da intelixencia, é tamén unha boa medicina contra o exceso de gravidade, esa forma da seriedade que tende a converter a vida nun drama ”

BONUS. Nos seguintes códigos QR atoparás dous xogos adicionais sobre esta exposición. Tenta conseguir quedar entre os primeiros clasificados!!

PASAPALABRAS
DO HUMOR



LITERATURA
GALEGA E
HUMOR: OBRAS
E AUTORÍA

